


LIBROS




Con ledicia hai que acoller a nova de que Edicións do Cumio reinicia con este novo libro de Rafael Laso Lorenzo a andaina da narrativa galega actual. E faíno, seguro, dun dos mellores xeitos que podía facelo, isto é, cunha novela que podería inscribirse dentro do realismo máxico –ese que tan ben cultivaron Cunqueiro e García Márquez–

ao que tanto se presta o mundo das lendas autóctonas, tantas e tan fantásticas como espalladas. Esa mestura de ficción e realidade, ensarillados ambos planos con extraordinaria habelencia é a que domina a narración de “O trasmundo de Antioquía”. Nela, o enxeñeiro de Xínzo de Limia parte do que el chama tres casualidades para enxergar unha historia fermosa e intensa. Unha carta que o seu avó lle escribiu antes de morrer coa condición de que a lera só cando alcanzara a maioría de idade e na que lle revelaba un segredo misterioso, un mapa vello coas campañas de Décimo Xuño Bruto e a lenda da cidade asolagada nas augas da lagoa de Antela –tan semellante á nosa sobre Doniños– alicerzan esta historia narrada desde unha perspectiva actual por un home de hoxe que principia unha busca na que dará con froitos inesperados. Na intriga, no suspense e na emoción que xera o feito estar ás portas de atopar algo realmente decisivo na vida do protagonista radica a extraordinariedade desta novela, digna da colección que inaugura.

O TRASMUNDO DE ANTIOQUÍA

Rafael Laso Lorenzo

Edicións do Cumio / 20 euros



A través duns personaxes pouco habituais nas páxinas dos álbums ilustrados infantís, a escritora Charo Pita e a ilustradora Fátima Afonso propoñen neste libro unha historia na que as protagonistas son dúas anciás moi peculiares: Filipa e Antea. As dúas viven xuntas e unha para a outra, e quérense moitísimo, mesmo nesa cotidianidade humilde e ás veces probe que as abafa. Pero a forza do afecto permítilles superar todos os obstáculos e estreiteces, grazas ao optimismo e á intensidade coa que viven. Este texto tecido por Charo Pita é unha homenaxe, un tributo, á terceira idade, unha etapa da vida na que, precisamente pola proximidade da fin, hai que gozar e vivir ao máximo, sen reservas, sen complexos e, por suposto, con moito amor, que é o sentimento que se reforza con cada contratepo: eis a moralexa do conto, que, ademais, fortalecerá nos nenos a empatía cara aos seus maiores. A iso hai que engadir o acaídas que resultan as ilustracións de Afonso, claras e comprensibles para os nenos a quen vai dirixida a historia –de tres a sete anos– e debedoras, pola súa estética, do bo facer dos ilustradores máis clásicos.

VELLIÑAS

Charo Pita e Fátima Afonso

OQO / 12,50 euros



Vicente Araguas



DELICATESSEN

A

índa tardou ben de anos Matilde Castro (Ferrol, 1945) en publicar o seu primeiro libro de poemas. Tardou moitos anos, o que pasa é que nunca é tarde, non, se o que se publica –como “Pequenas paisaxes” (Libros da Frouma, Santiago de Compostela, 2009)– ten a calidade, a exquisitez que Matilde Castro verque, e aínda derrocha, no seu debú literario. Non outra cousa que un libro no que saen a relouer unha chea de “haikus”, bulideiros e concorridos (e concorrentes) como eses collíños cortazarianos dos que nos fala Eduardo Estévez no prólogo.

E por certo que Estévez é, dalgunha maneira, mestre de Matilde nese obradoiro literario fenés no que tiven ocasión de participar, hai anos, como convidado. Comprobando que si se pode “explicar” a poesía, ou ao menos mirala con ollada múltiple, coral e intelixente, como a que eu vin en Fene.

Pois ben, de aí procede esta autora de “haikus”, irregulares na súa feitura (disque o “haiku” perfecto debe constar de tres versos, un de cinco, outro de sete, e o terceiro de cinco sílabas, tendo sempre no seu interior unha palabra alusiva á estación do ano no que foi escrito), mais equilibradísimos na súa estética, e aínda ética.

Porque o conto é que Matilde Castro, ferrolá ultrapadada por San Sadurniño (nenez e adolescencia) e agora residente en Fene, desprega nos seus poemas, breves como epigramas e frechas, o don da delicadeza. Ora, entendámonos, unha delicadeza forte (e isto non é, non debiera ser, un oxímoro), na que os fenómenos naturais e a intimidade van vencellados a unha toma de posición belixerante, de maneira que aquí o que parece resulta ser certo, mais peneirado pola altura poética de Matilde Cas-




A autora, o día da presentación do libro en Fene / Luis Polo

“É poeta categórica porque desde a miudeza acada voo ben alto”

tro. E conste que non me engana o minimalismo, por outra parte definitivo e definitorio do “haiku”. Isto é, tampouco me despista a presenza de garzas e lavancos para decidir que a Ría de Xuvia non está nada limpa (permítanme a litote, hoxe estou falando de fermosura feita poemas).

Non, Matilde Castro non é boa poeta porque se agache en composicións pequenas, é poeta categórica porque desde a miudeza acada voo ben alto. Ou tal cousa penso eu despois de ler este conxunto de estratexias mínimas. Iso si, agora quixera ver a Matilde a través de outras distancias. Mais non porque non acredite (ou desconfíe) dela. Ben ao contrario, aposto xa polo seu devir poético. Chega a deshoras, si, pero non chega tarde. Que en poesía as cuestións cronolóxicas non vos son, e que ben que non o sexan, a mesma historia que na vida real, digamos.

E xa vai sendo o momento de que lles diga que non farán nada de máis facéndose con este libro. Que sen ser manual de autoaxuda aínda lles pode botar unha man para recoñecerse. Nos aforismos, epigramas, ideas, cadros de pequeno formato, paisaxes mínimas desenvolvidas por esta poeta con futuro. Porque en poesía, reitero, nunca é tarde. Non.



“Pequenas paisaxes”
Matilde Castro

Libros da Frouma / 12 euros